CONCELLO DE CAMBADOS

MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIXIENE FRONTE Á COVID-19 PROBA PRÁCTICA LISTA DE RESERVA DE OPERARIO DE SERVIZOS

Ante a situación sanitaria provocada polo Covid-19, e vistas as recomendacións das autoridades sanitarias e do Servizo de Prevención do Concello e normativa aplicable a nivel autonómico e estatal, o Tribunal acorda, por unanimidade, establecer as seguintes medidas xerais de prevención, protección e hixiene fronte ao Covid-19, coa finalidade principal de garantir a máxima seguridade sanitaria dos membros do Tribunal, persoal colaborador, así como dos aspirantes que participen na proba práctica do proceso selectivo, que se deberán respectar e cumprir en todo o proceso selectivo, sen prexuízo da normativa do obrigado cumprimento aprobada pola Xunta de Galicia e polo Goberno do Estado:

1.MEDIDAS XERAIS DE PREVENCIÓN

Con carácter xeral é fundamental observar as seguintes medidas:

-Axeitada hixiene de mans previa a realización da proba.

-Cubrirse o nariz e boca cun pano ao tusir e espirrar e desbotalo nunha papeleira ou cubo de lixo. De non dispor de panos, empregar a parte interna do cóbado para no contaminar as mans.

-Evitar tocarse os ollos, o nariz e a boca.

-Manter una distancia interpersoal de 1,5 ou superior, nos termos determinados polas autoridades sanitarias.

2.MEDIDAS ESPECÍFICAS DIRIXIDAS Á PROTECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

No desenvolvemento da proba práctica, as persoas aspirantes terán en conta o seguinte:

-As persoas aspirantes deberán acudir obrigatoriamente con máscara e permanecer con ela posta de forma correcta durante todo o tempo de permanencia nas instalacións onde teña lugar a proba práctica, mantendo a distancia de seguridade interpersoal (de 1,5 ou superior) seguir o percorrido indicado así como aquelas outras indicacións que emitan os membros do tribunal cualificador ou as persoas colaboradoras.

-Non poderán acceder ao lugar da proba persoas con síntomas compatibles co COVID-19, ás que se lles diagnosticaron a enfermidade e que non finalizaran o período de illamento requirido ou as que se encontren en período de corentena.

AUGUSTO constantino garcia (1 para 3)
ENCARGADO OBRAS
Data de Sinatura: 02/09/2020
HASH: 73d494aad7f8d072f43c14fd35257a7ba

maria parada portas (2 para 3)
TECNICA PERSOAL
Data de Sinatura: 02/09/2020
HASH: 43194 7bb45d8fa3605e3b671d3385abb

MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR (3 para 3)
SECRETARIO
Data de Sinatura: 02/09/2020
HASH: 14cbfd7ce839ab85ef47173dfbe9682f

Cod. Validación: 4ZWXTE9XR72Q3X4X5QCC6PTTW | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

-No caso de que a persoa participante pertenza a poboación vulnerable para COVID-19 deberá seguir as indicacións do seu profesional sanitario de referencia respecto das medidas de prevención máis axeitadas.

-Ás persoas participantes con diversidade funcional ou necesidades específicas, facilitaránselles as adaptacións que precisen cos criterios de prevención que sexan necesarios.

-A fin de evitar aglomeracións na entrada, deberase comparecer a realización da proba sen a compañía de terceiras persoas, salvo que se precise do seu auxilio por razóns de disfuncionalidade.

-Procederase á limpeza e desinfección da instalación con carácter previo e á finalización da proba práctica e facilitarase xel hidroalcohólico e o material desbotable a utilizar por cada aspirante.

-Os aspirantes deberán acudir a realización da proba práctica segundo as quendas aprobadas mediante Resolución da Alcaldía do 12.08.2020.

-Tendo en conta a posible concorrencia de persoas, non está permitido o consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos nas zonas de espera e o chamamento das persoas aspirantes, ao non poder garantirse, en todo momento, a distancia de seguridade con outras persoas.

Cambados
(Asinado dixitalmente á marxe)

Cod. Validación: 4ZWXTE9XR72Q3X4X5QCC6PTTW | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 2